



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego

Materia	Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego			
Código	V01G230V01101			
Titulación	Grao en Traducción e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición				
Departamento Filoloxía galega e latina				
Coordinador/a	Palacio Sánchez, José Antonio			
Profesorado	Palacio Sánchez, José Antonio			
Correo-e	xpalacio@uvigo.es			
Web				
Descripción xeral	Visión sistemática da normativa que rexe o uso da lingua galega, para que o alumnado chegue a te-lo dominio necesario da norma gramatical que lle permita producir textos con corrección. Nas clases presentaranse e comentaranse os diferentes aspectos da normativa actual: ortografía, morfoloxía, léxico e sintaxe e estudaranse polo miúdo os que presenten unha aplicación máis problemática. O punto de partida é o nivel C2 do Marco de referencia europeo para a aprendizaxe de linguas.			

## Competencias

Código	
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C22	Destrezas de tradución
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
C27	Capacidade de razonamento crítico
C33	Dominio oral e escrito da lingua propia
D1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
D6	Capacidade de xestión da información
D9	Razonamento crítico
D14	Motivación pola calidade
D15	Aprendizaxe autónoma
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
D23	Capacidade de traballo individual

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Analizar e avaliar criticamente textos orais e escritos en lingua galega.	C3 D1
	C4 D6
	C18 D9
	C22 D15
	C27 D23
	C33

Adquirir ou completar con coñecementos teóricos unha expresión oral e escrita en galego correcto, adecuado e coherente.	C3 C4 C25 C33	D1 D15 D22
Adquirir autonomía para producir e corrixir textos orais e escritos, utilizando axeitadamente os recursos da lingua galega.	C3 C4 C18 C24 C33	D1 D14 D15

## Contidos

### Tema

1. A norma escrita da lingua galega	1.1. Os grafemas, os seus valores e usos 1.2. Acentuación 1.3. Signos ortográficos 1.4. Grupos consonánticos 1.5. Paradigmas morfolóxicos do galego
2. Morfosintaxe	2.1. O artigo 2.2. O substantivo e o adjetivo 2.3. O pronomo persoal (formas, contraccións, concorrencia de pronomes, dativo de solidariedade e de interese interferencias, colocación, interpolación) 2.4. Posesivos e demostrativos (formas, contraccións, usos especiais) 2.5. Cuantitativos e indefinidos 2.6. O verbo (morfoloxía, usos e valores dos tempos, formas nominais, perifrases verbais) 2.7. O adverbio 2.8. A preposición 2.9. A concunción
3. Tipos de textos	3.1. O texto e as súas propiedades: a coherencia, a cohesión, a adecuación. 3.2. Os conectores textuais. 3.3. Tipos de textos: xornalísticos, publicitarios, científicos, administrativos.
4. O estándar oral galego	4.1. Pronuncia das vogais abertas e pechadas, da nasal velar e da fricativa prepalatal xorda. 4.2. Os grupos cultos. 4.3. Elisións e contraccións na cadea fónica.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	12	12
Sesión maxistral	32	64	96
Traballos tutelados	0	8	8
Outros	0	18	18
Traballos de aula	12	0	12
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descripción
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Os alumnos deberán entregar cada semana <u>aproximadamente</u> e nas datas fixadas un comentario dirixido dun texto que se lles proporcionará. En conxunto, son doce textos que están á disposición do alumnado no servizo de reprografía da facultade. Os comentarios deben ser persoais, e penalizaranse moito a copia e o plaxio.
Sesión maxistral	Impartirse 1 hora e media de teoría tódolos luns.
Traballos tutelados	Traballo individual de aproximadamente 5 folios sobre unha das obras de lectura obligatoria. Máis có contido, é imprescindible a corrección do texto: redacción (puntuación, sintaxe, ortografía), léxico, tipografía... O traballo entregárase antes do 1 de decembro de 2015. A copia ou o plaxio serán motivo para que este traballo non se cualifique.
Outros	Lectura de tres obras indicadas ó final da Bibliografía (Taylor, Molina e Dahl). Realización dun traballo individual sobre unha delas (Vid. «Traballos tutelados»). No exame final haberá unha pregunta para comprobar que se lerón as tres.

Traballos de aula	Consistirán na realización de prácticas sobre os aspectos tratados na explicación teórica. Faranse na última media hora dos luns e nas clases dos mércores.
-------------------	---

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Para consultar algunha dúbida, o alumno pode facelo na clase, nas horas de tutoría ou por correo electrónico.

### Avaliación

	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Realización correcta dos 12 comentarios dirixidos. Son textos cunhas cuestións que o alumno deberá responder coa axuda das fontes que precise. O profesor corrixirá as respuestas e o alumno deberá facer de cada texto unha 2ª versión definitiva. Ó final de curso, o alumno entregará os 24 textos nunha única carpeta.	20	C18 D1 C25 D14 C33 D15
Traballos tutelados	Un traballo individual de aproximadamente 5 folios sobre unha das obras de lectura obligatoria. Máis có contido, é indispensable a corrección formal do texto: redacción, puntuación, ortografía, léxico, tipografía. O traballo entregarase antes do 1 de decembro de 2015.	10	C4 D9 C25 D14 C33 D23
Resolución de problemas e/ou exercicios	Haberá dúas probas. 1ª: novembro, primeira quincena; control de dominio total das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. Esta parte deberán repetila ó final do cuadrimestre tódolos alumnos que non consigan unha puntuación de 60 puntos (de 100). 2ª proba: 2ª semana de decembro; resolución de exercicios de uso de pronomes, perífrases, infinitivos conxugados e calquera aspecto referido ós contidos que figuran no programa. Corrección, para que quede nun galego correcto, dun texto deturpado. Ademais, comprobación da lectura das tres obras que o profesor indique.	70	C3 D1 C4 D22 C18 C33

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Para acollerse ó sistema de avaliación descrito, o alumnado deberá asistir, polo menos, ó 80% das clases (teóricas e prácticas). As porcentaxes indicadas soamente se aplicarán nos casos en que o alumno realice as dúas probas previstas e entregue os 12 comentarios dos textos e mailo traballo sobre a obra de lectura. Os alumnos que se acollan ó sistema de avaliación única, deben presentarse a un exame que se celebrará na segunda semana de decembro. Este exame será similar ó que se propoñerá para a segunda edición das actas (xullo) e constará de dúas partes: Na 1ª, os alumnos deberán demostra-lo dominio das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (acentuación, uso do guión, grupos consonánticos, contraccións, formación do plural, formación do feminino, paradigmas verbais, adverbios e locucións adverbiais, etc.); se nesta parte o alumno obtivese menos de 40 puntos (de 100), non se corrixirá a 2ª parte. Na 2ª parte (Morfosintaxe), o alumno deberá facer correctamente exercicios de uso de pronomes, perífrases, infinitivos conxugados e calquera aspecto referido ós contidos que figuran no programa. Así mesmo, deberá corrixir, de modo que quede nun galego correcto, un texto que se lle entregará deturpado. Farase media entre as dúas partes. Non se gardará para outro curso ningunha puntuación das obtidas nos exames. A adquisición do galego oral comprobarase nas clases prácticas. Con todo, para verifica-lo dominio da lingua falada, o profesor convocará a unha entrevista ós alumnos que non o teñan ó comezo do curso. Os alumnos que escollan o sistema de avaliación única tamén deberán face-las lecturas obligatorias, sobre as que se lles formularán, oralmente ou por escrito, algunas cuestións tendentes a comprobar que as Ieron. Seguirase o mesmo sistema cos alumnos que opten pola modalidade non presencial e con tódolos que concorran a unha 3ª convocatoria ou posteriores.

### Bibliografía. Fontes de información

NAVAZA BLANCO, G. (coord.), <b>Diccionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos</b> , Vigo: Edicións Xerais, Real Academia Galega, <b>Dicionario da RAG</b> , <a href="http://www.realacademiagalega.org/dicionario">http://www.realacademiagalega.org/dicionario</a> ,
PENA, X. A. (dir.) et alii, <b>Gran dicionario Cumio da lingua galega</b> , Vigo: Edicións do Cumio,
REAL ACADEMIA GALEGA, <b>Dicionario da Real Academia Galega</b> , Real Academia Galega <a href="http://realacademiagalega.org/dicionario">realacademiagalega.org/dicionario</a> ,
RAG/ILG, <b>Vocabulario ortográfico da lingua galega</b> , <a href="http://ilg.usc.es">http://ilg.usc.es</a> ,
XOVE FERREIRO, Xosé (coord.), <b>Novo dicionario da lingua galega</b> , Santiago de Compostela: Obradoiro-Santillana,
REAL ACADEMIA GALEGA, <b>Dicionario castelán-galego da Real Academia Galega</b> , A Coruña: Fundación Barrié de la Maza,
LEDO CABIDO, B. (dir), <b>Dicionario da lingua galega</b> , Vigo: Ir Indo,
FERNÁNDEZ SALGADO, coord.), <b>Dicionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega</b> , Vigo: Galaxia,

REAL ACADEMIA GALEGA/INSTITUTO DA LINGUA GALEGA, **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego**, RAG-ILG,  
CARBALLEIRA ANLLO, X. M<sup>a</sup> (coord.), **Gran dicionario Xerais da lingua**, Vigo: Edicións Xerais,  
HERMIDA GULÍAS, C., **Gramática práctica (Morfoxintaxe)**, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco,  
FREIXEIRO MATO, X.R., **Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe**, Vigo: A Nosa Terra,  
DOSIL, B. e RIVEIRO, X., **Dicionario de ortografía da lingua galega**, A Coruña: Galinova,  
ÁLVAREZ BLANCO, R. e XOVE, X., **Gramática da lingua galega**, Vigo: Galaxia,  
ÁLVAREZ BLANCO, R., H. MONTEAGUDO e X. L. REGUEIRA, **Gramática galega**, Vigo: Galaxia,  
VOX-BIBLOGRAF, **Diccionario esencial Vox galetelán, castellano-gallego**, Barcelona: Biblograf,  
GONZÁLEZ REI, B., **Ortografía da lingua galega**, A Coruña: Galinova,  
PENA, X. A. (direc.), **Gran dicionario Século 21 da lingua galega**, Edic. do Cumio/Edit. Galaxia,  
REGUEIRA, Xosé Luís, **Un modelo de estándar oral para a lingua galega**, D. Kremer (ed.) Actas do VI Congreso  
Internacional de Estudios Galegos (La Habana),  
LONDON, Jack, **A chamada da natureza**, Vicens-Vives,  
DAHL, Roald, **Voando só**, Rinoceronte,  
MOLINA, M<sup>a</sup> Isabel, **O ferreiro da lúa chea**, Obradoiro,

### Recomendacións

#### Materias que continúan o temario

Lingua A1, II: Introducción ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01301

### Outros comentarios

Para aproba-la materia, os alumnos do programa Erasmus deberán ter un nivel avanzado de coñecemento (C2) de, polo menos, unha das dúas linguas de traballo: galego e castelán.

Recoméndase a asistencia ás clases e o traballo diario e continuado.

Aconséllase a consulta periódica de <http://ocartafol.usc.es> ou de

<http://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminologia/uip/index.html>) e a subscrición ó **Boletín de recomendaciones** da Fundación del Español Urgente ([www.fundeu.es](http://www.fundeu.es)).